

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ESTRADA, A****Ordenanzas e Regulamentos****APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA****A N U N C I O**

En sesión plenaria do 1 de febreiro de 2018 aprobouse inicialmente a Ordenanza municipal reguladora de Normalización Lingüística do Concello de A Estrada.

O anuncio de aprobación inicial e exposición pública a efectos de reclamacións ou suxestións foi publicado no BOP nº 30 de 12/02/2018.

Dado que durante o período de 30 días hábiles de información pública (do 25 de xaneiro ao 7 de marzo de 2018, ambos incluídos) non se presentaron reclamacións ou suxestións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, enténdese definitivamente aprobado o Acordo ata entón provisional; polo que, de conformidade co previsto no artigo 70 da Lei 7/1985 e artigo 131 da Lei 39/2015 (LRBRL), procédese á publicación do texto íntegro do Regulamento, que entrará en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 .

Segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, tratándose dunha disposición xeral, fronte á mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. O recurso deberá interpoñerse ante a Sala do Contencioso/Administrativo do Tribuna Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña. Todo isto, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno e sexa aceptable en dereito.

**“ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
DO CONCELLO DE A ESTRADA****INTRODUCCIÓN:**

A lingua constitúe a principal manifestación da identidade cultural dun pobo. O galego, como lingua propia de Galicia, constitúe o principal patrimonio cultural da nosa Comunidade, e é sinal de identificación e diferenciación de Galicia.

A Constitución española de 1978 proclama “a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións”, establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado diferentes ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto.



O Artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia desenvolve aínda máis o precepto, ao encomendarlles aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega (xuntamente co castelán) potenciando o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa “e dispoñendo (engade) os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

A Lei de normalización lingüística de Galicia, no seu artigo 6.4, establece que “a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei”.

Consonte co disposto naquel precepto legal, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia das entidades locais, que compre ao mandato estatutario.

Segundo a normativa anteriormente mencionada e, tendo en conta que as corporacións locais son as administracións máis próximas aos cidadáns e as que máis preto viven a marxinación da lingua galega, este Concello elabora a presente Ordenanza co fin de promover e regular o uso da nosa lingua en todos os estamentos administrativos municipais.

CAPÍTULO I

Do uso oficial do idioma galego

Artigo 1

1.1. O Concello de A Estrada recoñece e garante o uso normal e oficial do galego e o castelán, como linguas oficiais de Galicia, tal e como se establece na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei de normalización lingüística para todos os planos da vida pública, cultural e informativa no ámbito do seu territorio.

1.2. O galego, como a lingua propia de Galicia, é tamén a lingua propia do Concello de A Estrada. Na súa consecuencia, é o idioma oficial de uso do Concello de A Estrada.

1.3. As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

1.4. A cidadanía ten dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

CAPÍTULO II

Ámbito de aplicación

Artigo 2

2.1. O uso da lingua galega por parte do Concello de A Estrada e dos organismos que del dependan (padroados, organismos autónomos, sociedades anónimas municipais, fundacións, etc.) rexeranse polos criterios establecidos nesta ordenanza.



2.2. As empresas adxudicatarias ou concesionarias que actúan por conta deste Concello, así como as de explotación mixta, farán o propio, feito que constará explicitamente nos documentos correspondentes.

2.3. O Concello de A Estrada velará por aplicar os principios anteriores aquí establecidos, a nivel interno e nas actividades en que participe (convenios, consorcios,...).

2.4. O Concello de A Estrada manterá un servizo de normalización lingüística co obxectivo de dar pulo á normalización do galego. Todos os organismos anteriormente citados axustaranse aos criterios de uso lingüístico que difunda o servizo de normalización lingüística.

CAPÍTULO III

Do uso do galego na organización municipal

Artigo 3

3.1. As actuacións internas do Concello de A Estrada faranse en galego.

3.2. As actas das sesións que realice o Concello Pleno, a Xunta de Goberno Local e as Comisións Informativas redactaranse en lingua galega. Igualmente redactaranse en galego as actas dos diversos padroados, consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes deste Concello.

3.3. A Alcaldía e os rexedores, e tamén as diversas dependencias ou servizos, redactarán en lingua galega os ditames, informes e propostas que teñan que someterse á decisión ou coñecemento de calquera órgano corporativo municipal.

3.4. Todos os impresos utilizados polos diferentes órganos do Concello de A Estrada, redactaranse en galego.

3.5. Os rótulos indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda clase de impresos, os selos, mataselos e outros elementos análogos estarán escritos en galego.

3.6. As aplicacións e programas informáticos adoptaranse para o funcionamento en lingua galega.

Artigo 4

4.1. Os documentos públicos ou contractuais subscritos polo Concello serán dirixidos en galego. Se a outra parte contratante o solicita, ou o negocio debe producir efecto fóra de Galicia, tamén será dirixido en castelán. No caso de que o Concello concorra xunto con outros outorgantes, o documento dirixirse na lingua que se acorde e, se acaso, o Concello solicitará unha copia en galego para incorporala ao expediente.

4.2. Os estudos, proxectos, e traballos análogos que o Concello encargue a terceiros irán en galego, aínda que a súa finalidade poida esixir a redacción tamén noutra lingua. Este requisito será explicitamente recollido nas convocatorias ou solicitudes destes traballos.



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

4.3. O Concello requiriralles aos contratistas e provedores a presentación da documentación en lingua galega, sen prexuízo de que poida presentarse ademais na outra lingua oficial. Os pregos de condicións dos contratos administrativos recollerán este requisito.

CAPÍTULO IV

Das relacións coas e cos administrados

Artigo 5

5.1. Todos os expedientes administrativos do Concello de A Estrada tramitaranse en lingua galega.

5.2. Sempre que calquera interesado/a o solicite formalmente entregaráselle os documentos que lle afecten ou interesen na lingua oficial que demandase (en caso da non existencia de petición, farase en galego). En calquera caso non se interromperá a tramitación en galego.

5.3. As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico de Galicia faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito da cidadanía a recibilas, se o demandan formalmente, en castelán.

5.4. Os expedientes que deban ter algúns ou todos os efectos fóra do territorio no que a lingua galega é idioma oficial, faranse tamén en galego e castelán, coa indicación neste último de que o texto é tradución do orixinal galego, e achegando, no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

Artigo 6

Os modelos de impresos ofreceranse en versión galega, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán daqueles impresos que así se soliciten.

Artigo 7

Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que o/a administrado/a demande expresamente ser atendido/a en castelán.

Artigo 8

Os documentos públicos e os contractuais outorgados polo Concello redactaranse sempre en galego. No caso de que o Concello conorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase tamén na lingua que se acorde e, se acaso, o Concello solicitará unha copia auténtica en galega para incorporala ao expediente.



CAPÍTULO V
Das relacións institucionais

Artigo 9

9.1. A documentación que o Concello dirixa a calquera das administracións públicas sitas no territorio galego redactaranse en lingua galega.

9.2. As comunicacións do Concello dirixidas á Administración Civil ou Militar do Estado e á Xustiza, dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega, independentemente do feito de que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.

Artigo 10

Os documentos do Concello dirixidos ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é tradución do orixinal galego, e achegando, no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva; o que será extensible ás copias dos ditos documentos.

Artigo 11

Respecto aos documentos dirixidos directamente aos organismos centrais de ámbito estatal ou supraestatal, o Concello aterase ao que prevén as disposicións vixentes, redactándoos sempre que sexa posible en galego.

CAPÍTULO VI
Dos avisos, publicacións e actividades públicas

Artigo 12

Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Boletín Oficial de Galicia, ou calquera outro medio de comunicación radicado no territorio da nosa comunidade autónoma serán redactados en galego. Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicación será dobre, agás o disposto nos respectivos procedementos administrativos.

Artigo 13

Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Artigo 14

14.1. Os libros, as revistas e, en xeral, todos os carteis e publicacións que edite o Concello de A Estrada, como tamén as mensaxes que se emitan a través dos medios de comunicación faranse en galego, agás aqueles destinados especialmente á promoción exterior, que se poderán publicar na lingua dos destinatarios.

14.2. Fóra do ámbito lingüístico galego a publicidade farase sempre en versión dobre: galego e castelán.

Artigo 15

Todos os textos que deban ser publicados enviaranse previamente ao Servizo de Normalización Lingüística para a súa corrección.

Artigo 16

As páxinas web municipais estarán redactadas en galego, e cando conteñan información de interese fóra do territorio galego, a súa información publicarase en galego e castelán.

CAPÍTULO VII *Atención ao público*

Artigo 17

Os servizos da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promoverán o uso do idioma galego, empregando como lingua normal de comunicación e informarán á cidadanía sobre os seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

CAPÍTULO VIII *Topónimos, sinalizacións e rótulos*

(O disposto no seguinte artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto)

Artigo 18

18.1. Consonte co disposto no artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, a única forma oficial dos topónimos do Concello de A Estrada é a galega.

18.2. A utilización da toponimia aterase ao disposto pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. A título informativo incorpórase como anexo da presente ordenanza a relación de topónimos para o concello de A Estrada, aprobada pola Comisión de Toponimia. (Decreto 219/1998, do 2 de xullo; publicado no DOG 144, do 28 de xullo de 1998).



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Artigo 19

Os rótulos, sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal dependente do Concello ou instalada polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias ou calquera outra entidade serán redactados en idioma galego. Cando o interese en xeral o requira, tamén poderán redactarse en castelán ou outros idiomas.

Artigo 20

O Concello de A Estrada velará pola normalización de toda a súa sinalización e rotulación, tomará as medidas necesarias para garantir o uso da toponimia oficial galega.

*CAPÍTULO X**Da selección, provisión e reciclaxe do persoal**Artigo 21*

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Administración municipal estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán.

Artigo 22

22.1. Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello de A Estrada, xa sexa como funcionario, laboral ou de calquera outro xeito, ha de figurar como condición obrigatoria que todos os aspirantes demostren o coñecemento específico da lingua galega, en relación ao posto de traballo que vaian desenvolver.

22.2. Os candidatos aos cargos con habilitación nacional han de estar capacitados e posuír un grao de coñecemento da lingua galega, que contribúa ao correcto desenvolvemento das súas funcións nese posto.

22.3. Nas bases de cada convocatoria para provisión de prazas de persoal establecerase o nivel de galego que deban de acreditar os/as aspirantes.

Artigo 23

O Servizo de Normalización Lingüística prestará asesoramento aos tribunais cualificadores para facer a estimación dos coñecementos de galego, na selección de persoal e na provisión de postos de traballo.



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Artigo 24

Os responsables dos diferentes órganos do Concello de A Estrada, de acordo co Servizo de Normalización Lingüística, tomarán as medidas necesarias para que, nos órganos da súa competencia, o persoal que neles traballe teña os coñecementos precisos de galego a fin de garantir un desenvolvemento correcto, dende o punto de vista lingüístico, das tarefas internas ou dirixidas aos/ás administrados.

Artigo 25

O Concello de A Estrada facilitará ao persoal municipal a información e o acceso a cursos de lingua galega aos que non teñan os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións e para mellorar o nivel de linguaxe administrativa ou doutras especialidades.

*CAPÍTULO XII**Fomento do uso galego por parte da administración municipal**Artigo 26*

26.1. De acordo co establecido na Lei de Normalización Lingüística do Galego, o Concello de A Estrada fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

26.2. Das tarefas que se realicen para fomentar o uso do galego no noso municipio encargárase o Servizo de Normalización Lingüística.

26.3. Todos os organismos do Concello de A Estrada promoverán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación co soporte técnico do Servizo de Normalización Lingüística.

*ANEXO I**FORMAS OFICIAIS DOS TOPÓNIMOS DO CONCELLO DE A ESTRADA
(Decreto 219/1998, do 2 de xullo; DOG 144, do 28 de xullo de 1998)*

Agar (Santa Mariña)

Gonxar

Gueifas

Lagoa, A

Outeiro, O

Paraxó

Pedreira, A

Pena do Foxo, A

Penalobeira



Pepe
Río, O
Sorribas
Souto, O
Valiñas
Aguións (Santa María)
Aldea Grande, A
Campenlos
Cebados, Os
Codeso, O
Frieira, A
Outeiro, O
Preguecido, O
Raxeira
Arca (San Miguel)
Abeleira, A
Amarelle, A
Arcapedriña
Carballal, O
Cruceiro, O
Goleta, A
Nodar
Outeiriño
Penela, A
Xustín
Arnois (San Xiao)
Bieites, Os
Bruñido, O
Cacharela, A
Calzada, A
Carballal, O
Carballeira, A
Cercido, O



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Costa, A
Golmados, Os
Granxa, A
Moimenta
Quenlla, A
Regueiro, O
Reigada, A
Riamonde
Ribadulla
San Xiao
Tiguillois, Os
Valboa
Veiga, A
Baloira (San Salvador)
Aagriño, O
Cerdeiral, O
Cruces
Igrexa, A
Montoiro
Mouriña, A
Barbude (San Martiño)
Carballas de Abaixo, As
Carballas de Arriba, As
San Martiño
Trasmonte
Barcala (Santa Mariña)
Santa Mariña
Trasande
Berres (San Vicenzo)
Berres
Celeiróns
Igrexa, A
Mato



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Mouteira, A
Pazos
Pereiro, O
Porto
Rabuñado
Ribeira, A
Rocaforte
Serveide
Ulla
Vilancosta
Vilasusán
Calobre (San Martiño)
Aldea Grande, A
Cimadevila
Figueira
Friamonde
Loureiros, Os
Nogueira
Outeiro, O
Ponteliñares
Pousada
Riba, A
Vilafruxil
Vilar, O
Cereixo (San Xurxo)
Costenla
Igrexa, A
Mollarrabo
Pernaviva
Piornos, Os
Quintas
Señoráns
Vilapouca



Viso de Abaixo
Viso de Arriba
Codeseda (San Xurxo)
Abragán
Agrela, A
Arnado, O
Barro
Bouzas, As
Bugalleira
Campos
Codesal, O
Codeseda
Coto, O
Currelos, Os
Devesa, A
Filgueiras
Fontenlo
Fragoso
Insuela
Marcenlos
Monteagudo
Outeiro, O
Portela, A
Quintas, As
Sagrada, A
Vilaboa
Xubrei
Cora (San Miguel)
Barro
Carbia
Cora
Piñeiro
Sieiro



Vilacriste
Couso (Santa María)
Barco
Castro, O
Couso
Fontenlo
Maíndo
Sequeiró
Veiga, A
Curantes (San Miguel)
Cortes
Curantes Novo
Curantes Vello
Esmorís
Fieitoso, O
Nogueira, A
Pena Barreira, A
Pereiras, As
Porto, O
Pousada
San Martiño
Sinteiro
Estrada, A (San Paio)
Cañoteira, A
Estrada, A
Figueiroa de Abaixo
Figueiroa de Arriba
Pedregal, O
Vilar
Frades (Santa María)
Casalpaio
Chaín
Frades



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Requián
Subiión
Vilar, O
Vilariño
Guimarei (San Xiao)
Campos
Cardavella, A
Cogoludo, O
Costa, A
Covas
Cruz, A
Devesa, A
Francés, O
Gudín
Ouzamerxe
Painceira, A
Pinguela, A
Portacartas
Portela, A
Rial
San Xiao
Torre, A
Torrevella, A
Xerlís
Lagartóns (Santo Estevo)
Batalla, A
Boáns
Bolos, Os
Chapurros, Os
Mollarrabo, O
Monte, O
Outeiro, O
Ouzamerxe



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Ramalleira, A
Sabugueiro, O
Sisto, O
Tatos, Os
Trasdomuro
Viso, O
Lamas (San Breixo)
Abelleira, A
Carballal, O
Fontecova
Lamas
Riamonde
Salouzás
Sequeiros
Sobrado
Veiga da Leña
Liripio (San Xoán Bautista)
Cabanelas
Canda, A
Carballo
Igrexa, A
Quinteiro de Arca
Xestás
Loimil (Santa María)
Carballas, As
Casares, Os
Chenlos
Loimil
Loimil do Carballo
Outeiro, O
Pardellas
Penaporrín
Riomaio



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Sobreira, A
Matalobos (Santa Baia)
Brea, A
Graña, A
Guendos
Matalobos
Río dos Sapos
Santa Baia
Moreira (San Miguel)
Devesa, A
Moreira Nova
Moreira Vella
Outeiro, O
Pía, A
Pica, A
Sestelo
Vilafruxil
Vilagude
Nigoi (Santa María)
Bustelo
Carballeira, A
Costenla
Escarís
Parafita
Pazo, O
Silva, A
Oca (Santo Estevo)
Abelao
Castrotión
Oca de Arriba
Outeiro, O
Pedrado, O
Pinal, O

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación: MOJUI3T82WUJ73A



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Praza, A
Rendo
Sisto, O
Valiña, A
Vista Alegre
Olives (Santa María)
Feitaso, O
Fraíz
Mourelle
Pazos
Somoza, A
Viladafonso, A
Orazo (San Pedro)
Baldarís
Barro
Besteiros
Castrovite
Currelo
Igrexa, A
Orosa
Pazos
San Lois, O
Vendexa
Vilanova
Ouzande (San Lourenzo)
Alemparte
Cachopas, As
Castro, O
Formigueiro, O
Penarada
Redondo, O
Parada (San Pedro)
Eiriz



Fermil
Muros, Os
Parada
Paredes
Picáns
Sobre da Cova
Vilademeus
Vilas, As
Paradela (Santa María)
Aldea Grande, A
Brea, A
Castrelo de Abaixo
Castrelo de Arriba
Covas, As
Golfariz
Igrexa, A
Mesadoiro, O
Parada
Pardemarín (Santa Baia)
Piñeiro
Ribeiradona
Remesar (San Cristovo)
Aldea Grande, A
Cibreiros
Devesa, A
Fonte Soutelo, A
Outeiro, O
Peizás
Rabeta, A
Rego, O
Vilanova
Vilasusán, A
Ribeira (Santa Mariña)



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Baltar
Barbude
Costenla
Marque
Pazo, O
Piñeiro, O
Ponte, A
Ribeira, A
San Vicente
Vilaboa
Vilar
Ribela (Santa Mariña)
Aldea Grande, A
Carracedo
Entrecastrolo
Fondo da Vila
Guitón
Pedreira, A
Pumares
Sesto
Trabadela
Vilar
Riobó (San Martiño)
Alderido, O
Barcia
Besteiros, Os
Cancelas, As
Castiñeira, A
Mota, A
Pena, A
Portecelo
Río, O
San Martiño



Rubín (Santa María)
Agrelo
Amarelle
Balseiros, Os
Barro, O
Bede, O
Bemposta, A
Berbigueira
Foxo, O
Igrexa, A
Pazos
Pena de Abaixo, A
Pena de Arriba, A
Sol, O
Veiga da Braña, A
Vilas, Os
Sabucedo (San Lourenzo)
Sabucedo
San Miguel de Barcala (San Miguel)
Bumio
Casa do Frade
Cimadevila
Cortiñas
Cotro, O
Negreira, A
Paraño
Quintas, As
Souto
San Miguel de Castro (San Miguel)
Adoufe
Alberguería, A
Burata, A
Carballeira, A



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Castro
Costenla
Cova, A
Lagos
Ponte
Prado
San Miguel
Seixo, O
Silva, A
San Pedro de Ancorados (San Pedro)
Barro, O
Brei de Riba
Foxo, O
Mamoela
Pena de Riba, A
Pousadela
Ribas
San Pedro
Ventosela
San Tomé de Ancorados (San Tomé)
Brei
Campo Redondo
Castro, O
Gontén
Nabal, O
San Tomé
San Xiao de Veá (San Xiao)
Bouzamar
Dorelle
Fafián
Gondomar de Abaixo
Gondomar de Arriba
Igrexa, A



Pouso, O
Rabiáns dos Cabaleiros
Rabiáns dos Labradores
Reguengo
San Bartolomeu, O
Sandelle
Soutiño, O
Torriña, A
Vilanova
Vixín
San Xurxo de Veá (San Xurxo)
Azoreiros
Bouzamar
Casal, O
Fonteboa
Guntín
Loureiro de Abaixo
Loureiro de Arriba
Outeiro
Piñeiro
Riba, A
Rosallo, O
Souto de Veá, O
Trascastro
Valcárceles
Valiña, A
Santa Cristina de Veá (Santa Cristina)
Barazás
Carbia
Casa do Monte, A
Castro, O
Cerqueira, A
Costa, A



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Lameiriña
Maráns
Nogueira
Outeiro, O
Panadería, A
Riba de Veá
Rollo, O
Sorribas
Tarrío
Torre do Vilar
Torrevedra, A
Tracesto
Vista Alegre
Santeles (San Xoán)
Arxóns
Carricova
Cruxeira
Fondevila
Godoi
Patanín
Pazo, O
Pearo
Renda
Ribeira, A
Santeles de Abaixo
Sar de Abaixo
Sar de Arriba
Traspedra
Viasque
Vilanova
Santo André de Veá (Santo André)
Calvelo
Cardelle

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:MOJUI3T82WU73A



Celeirón
Costenla
Gondarei
Murxide
Paramá
Pazo, O
Ramirás
Ribeira, A
Trazarís
Vera
Somoza, A (Santo André)
Alberiañas
Bargo
Carballeira, A
Castro Ramiro
Cernadela
Chan da Aldea
Somoza, A
Sureiros, Os
Vila de Abaixo
Souto (Santo André)
Cortegada
Enviande
Montillón de Abaixo, O
Montillón de Arriba, O
San Torcado
Somoza, A
Souto
Torreboreda
Toxeira, A
Tabeirós (Santiago)
Carballas, As
Cepetelo



Luns, 9 de abril de 2018

Núm. 68

Cimáns
Consolación, A
Outeiriño, O
Outeiro, O
Piñoi
Quintas, As
Sandán
Sar
Tabeirós
Tosar
Vilarreal
Toedo (San Pedro)
Carballa, A
Igrexa, A
Soutiño, O
Talló, O
Toedo
Vinseiro (Santa Cristina)
Correáns
Fragoso
Freán
Frende
Godoi
Moucho, O
Pena, A
San Martiño
Vinseiro
Vis de Baixetes
Vis de Correa

A Estrada, 28 de marzo de 2018

O ALCALDE,

(documento asinado electronicamente ao marxe)

